



PREGO DE CONDICIÓN:

PAVIMENTACIÓN E DOTACIÓN DE SERVIZOS EN CAMIÑO CAMIÑO TARRÍO. POIO.

PREGO DE CONDICIÓN TÉCNICAS PARTICULARES

INDICE.

1. CONDICIÓN XERAIS.

- 1.01 NORMAS XERAIS DE APLICACIÓN.
- 1.02 MEDIDAS DE SEGURIDADE E PROTECCIÓN.
- 1.03 EMPREGO DE MAQUINARIA E USO DE EXPLOSIVOS.
- 1.04 ENSAIOS.
- 1.05 RESPONSABILIDADE do CONTRATISTA.
- 1.06 SUBCONTRATOS.
- 1.07 GASTOS DE CARÁCTER XERAL A CARGO do CONTRATISTA.
- 1.08 LIMPEZA FINAL das OBRAS.
- 1.09 CONSERVACIÓN das OBRAS.
- 1.10 RECEPCIÓN das OBRAS.
- 1.11 PRAZO DE GARANTÍA das OBRAS.

2. DESCRIPCIÓN das OBRAS OBXECTO do PRESENTE PREGO.

- 2.01 DESCRIPCIÓN XERAL.
- 2.02 REDE DE SANEAMENTO SEPARATIVA
 - 2.02.1 Consideracións xerais.
 - 2.02.2 Colectores de saneamento.
- 2.03 POZOS, ARQUETAS E SUMIDOIROS
- 2.04 ABASTECIMENTO DE AUGA
- 2.05 ENERXÍA ELÉCTRICA
- 2.06 ALUMEADO
- 2.07 TELEFONÍA
- 2.08 PAVIMENTACIÓN

3. CONDICIÓN da EXECUCIÓN das OBRAS.

- 3.01 DIRECCIÓN das OBRAS.
- 3.02 DISCREPANCIAS.
- 3.03 PLANOS DE DETALLE.
- 3.04 REPLANTEO.
- 3.05 PLAN DE OBRA.
- 3.06 ESCAVACIÓN EN GÁBEAS E POZOS.
- 3.07 RECHEO DE GÁBEAS E POZOS.
- 3.08 FORMIGÓN.
 - 3.08.1 Xuntas de construción.
 - 3.08.1 Xuntas de dilatación.
 - 3.08.1 Posta en obra do formigón.
 - 3.08.1 Formigonado en tempo frío.
 - 3.08.1 Formigonado en tempo caluroso.
 - 3.08.1 Curado do formigón.
 - 3.08.1 Descimbrado, desencofrado e desmolde.
- 3.09 COLOCACIÓN DE TUBERÍAS PARA SANEAMENTO
- 3.10 COLOCACIÓN DE TUBERÍAS PARA ABASTECIMENTO
- 3.11 INSTALACIÓN DE VÁLVULAS E PEZAS ESPECIAIS
- 3.12 DISTRIBUCIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA
- 3.13 OBRAS DE ALUMEADO
- 3.14 COLOCACIÓN DAS TUBERÍAS DE TELEFONÍA
- 3.15 OBRAS DE FÁBRICA
- 3.16 COLOCACIÓN do BORDILLO.
- 3.17 COLOCACIÓN das BALDOSAS.
- 3.18 MARCAS VIAIS



PREGO DE CONDICIÓNIS:

PAVIMENTACIÓN E DOTACIÓN DE SERVIZOS EN CAMIÑO CAMIÑO TARRÍO. POIO.

4. PROBAS E ENSAIOS.

- 4.01 PROBAS E ENSAIOS da REDE DE AUGA.
- 4.02 PROBAS E ENSAIOS da REDE DE SANEAMENTO.

5. MEDICIÓN E ABONO das OBRAS.

- 5.01 XERALIDADES.
- 5.02 EXCAVACIÓN E RECHEO DE ZANXAS.
- 5.03 FORMIGÓN.
- 5.04 ACEIRO PARA ARMADURAS.
- 5.05 PAVIMENTACIÓN.
- 5.06 POZOS, ARQUETAS E SUMIDOIROS.
- 5.07 BORDILLOS.
- 5.08 PAVIMENTOS DE PEDRA
- 5.09 TUBERÍAS DE SANEAMENTO
- 5.10 TUBERÍA E ACCESORIOS PARA ABASTECIMENTO DE AUGA
- 5.11 DIVERSAS OBRAS DE FÁBRICA.
- 5.12 REDE DE ALUMEADO PÚBLICO
- 5.13 REDE DE TELEFONÍA
- 5.14 MARCAS VIAIS SINIALIZACIÓN VERTICAL.
- 5.15 MEDICIÓN e ABONO das UNIDADES NON ESPECIFICADAS neste PREGO.



1. CONDICIÓN XERAIS.

1.01 NORMAS XERAIS DE APLICACIÓN.

O Contratista queda obrigado a cumprir canto se especifica neste Prego de Condicións Facultativas e Particulares e no de Prescricións Técnicas Particulares e o de Cláusulas económico-administrativas que se redacte para a contratación da obra. Observará asemade cantas disposicións vixentes ou que no sucesivo o sexan, e teñan relación coa Lexislación Laboral, Social e protección á Industria Nacional. No caso de discrepancia entre algunha das disposicións anteriores prevalecerá a de maior rango legal.

No seu defecto, serán de aplicación os criterios establecidos no texto da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

Seránlle de aplicación ó Contratista, cantas disposicións lle sexan dadas pola Dirección Técnica das Obras, encamiñadas a garantir a seguridade dos obreiros, sen que por elo sexa relevado das responsabilidades patronais; asemade acatará tódalas disposicións que dite a Dirección Técnica antes indicada co obxecto de asegurar a boa marcha do traballo.

En todo o non contemplado neste Prego se estará ao disposto nas Normas Urbanísticas do Concello de Poio, ademais das que se relacionan a continuación:

- Prego de Prescricións Técnicas Xerais para Obras de Estradas e Pontes da Dirección Xeral de Estradas do Ministerio de Obras Públicas, aprobado por O.M. de 6 de febreiro de 1976 (PG-3), coas modificacións aprobadas por Ordes Ministeriais posteriores e que na data de redacción do presente Prego de Prescricións Técnicas Particulares estean en vixencia.
- Prego de Prescricións Técnicas Xerais para a recepción de bloques de formigón en obras de construción RB-90.
- Prego de Prescricións Técnicas Xerais para recepción de cementos RC-97.
- Prego de Prescricións Técnicas Xerais para tuberías de saneamento de poboacións.
- Prego de Condicións Técnicas da Dirección Xeral de Arquitectura.
- Prego de Prescricións Técnicas Xerais para tuberías de abastecemento de auga.
- Instrución de Formigón Estrutural EHE-2008 (R.D.1247/08 de 18 de xullo).
- Instrución de estradas 3.1.I.C. Trazado, aprobada por orde ministerial de 27 de decembro de 1999.
- Instrución 6.1.I.C. e 6.2.I.C. da Dirección Xeral de Estradas sobre seccións de firmes, aprobada por O.M. de 23 de maio de 1989 (B.O.E. de 30 de xuño de 1989).
- A sinalización proxectarase de acordo coas Normas 8.1.I.C., 8.2.I.C. e 8.3.I.C.
- Disposición Reguladora Específica da Acreditación de laboratorios de Ensaio para o control de calidade da Edificación nas áreas de formigón.
- Disposición Reguladora Específica da Acreditación de laboratorios de Ensaio para o control de calidade da Edificación nas áreas de mecánica do solo.
- Disposición Reguladora Específica da Acreditación de laboratorios de Ensaio para o control de calidade da Edificación na área de solos, áridos e seus materiais constituíntes en viais.
- Homologación de cementos destinados á fabricación de formigóns e morteiros para todo tipo de obras e produtos prefabricados e especificacións técnicas de prefabricados e produtos afines de xesos e escaiolas para a construción e a súa homologación.
- Lei 8 de Novembro de 1995, Nº 31/1995 de Prevención de Riscos Laborais.
- Lei 31/1995 e Real Decreto 1.627/1997 de 24 de Outubro de I Mº da Presidencia, sobre Seguridade e Saúde no Traballo.
- Ordenanza Xeral de Seguridade e Hixiene no Traballo (NTE / ISA) e cantas disposicións oficiais lle afecten, así como as normas da boa construción.
- Regulamento Electrotécnico de Baixa Tensión de 20 de Setembro de 1973 e Instrucións Complementarias MI BT, así como novo REBT de 2002.
- Orde de MIE de 31 de Outubro de 1973 pola que se aproban as Instrucións Complementarias denominadas MI BT con arranxo ó disposto no Regulamento antes citado; así como as súas correspondentes folas de interpretación.
- Recomendacións para o control de calidade en obras de estradas da Dirección Xeral de Estradas.
- Recomendacións para o proxecto e deseño do viario urbano. Ministerio de Fomento. Dirección Xeral da Vivenda, a Arquitectura e o Urbanismo.
- Prego de Prescricións Técnicas Xerais para tuberías de abastecemento de auga.
- A Orde Ministerial de 31 de agosto de 1987 sobre sinalización, balizamento, defensa, limpeza e terminación de obras fixas en vías fora de poboado (Instrución 8.3.I.C.), segundo o desenrolo na O.C. nº 300/89 P.P. da Dirección Xeral de Estradas.
- A Instrución 5.2.I.C.- Drenaxe superficial, aprobada por O.M. de 14 de maio de 1990 (B.O.E. de 23 de maio de 1990).
- Instrución para a Fabricación e subministro de Formigón Preparado (ERPE-72). Recomendacións RPM-95, recomendacións para o proxecto e a execución de pontes metálicos de estradas.
- O.M. de 13 de agosto de 1999 pola que se dispón a publicación das determinacións de contido normativo dos Planes Hidrolóxicos de Cuenca do Norte I, Norte II e Norte III aprobados por Real Decreto 1664/1998 de 24 de xullo (B.O.E. núm. 205 de 27 de agosto de 1999).
- Normas tecnolóxicas da edificación

1.02 MEDIDAS DE SEGURIDADE E PROTECCIÓN.

Estarase ó disposto na Lei 31/1995 e Real Decreto 1.627/1997 de 24 de Outubro do Mº da Presidencia, sobre Seguridade e saúde no Traballo e en particular ó Estudo Básico de Seguridade e Saúde que se inclúe como Anexo da Memoria.



PREGO DE CONDICIÓNIS:

PAVIMENTACIÓN E DOTACIÓN DE SERVIZOS EN CAMIÑO CAMIÑO TARRÍO. POIO.

O Contratista estará obrigado á elaboración e aprobación dun Plan de Seguridade da obra que deberá ser aprobado conforme á tramitación establecida.

En calquera caso o Contratista adoptará tantas medidas de precaución sexan precisas durante a execución das obras, para protexer ó público e facilitar o tránsito de vehículos e peóns.

Mentres dure a execución das obras, manteranse en tódolos puntos onde sexa posible e necesario para garantir a debida seguridade do tráfico, as sinais e balizamentos preceptivos de acordo coa O.M. do Ministerio de Obras Públicas de 14 de Marzo de 1970 e as aclaracións complementarias que se recollen na O.C. 67/70 da Dirección Xeral de Estradas. a permanencia e eficacia de estas sinais deberán ser garantidas polos vigilantes que foran necesarios. Tanto as sinais como os xornais devengados polos citados vigilantes serán de conta do Contratista. a responsabilidade dos accidentes ocorridos pola inobservancia do esixido neste artigo será, por entero, do Contratista.

As obras executaranse de forma tal que o tránsito axeno ás mesmas, tanto de persoas como de vehículos, nas zonas que afectan rúas e servizos existentes, atope en todo momento un paso en boas condicións de viabilidade, executándose a expensas do Contratista as obras necesarias para facilitalo.

Disporase en obra dos medios adecuados de bombeo para achicar rápidamente calquera inundación que poidera producirse.

Cando se prevea a existencia de canalizacións en servizo na zona de excavación, determinarase o seu trazado e solicitarase, se fora necesario, o corte do fluído e o desvío, paralizándose os traballos hata que non se teñan adoptado unha das dúas alternativas, ou pola Dirección Técnica ordeense as condicións do traballo.

Ó comenza a xornada revisaranse as entibacións. En zaxas e pozos comprobarase a ausencia de gases e vapores. De existir, ventilarase a zaxa e o pozo antes de comezar os traballos ata eliminalos.

1.03 EMPREGO DE MAQUINARIA E USO DE EXPLOSIVOS.

Os equipos de maquinaria a empregar deberán ser previamente aprobados pola Dirección Técnica.

A utilización de explosivos está prescrita con carácter xeral. Se o Contratista propón a súa utilización, fundamentada en cada caso particular, deberá obter a autorización por escrito da Dirección Técnica para ese caso determinado antes de proceder ó uso de explosivos, ben entendido que as lesións e danos que puideran producirse como consecuencia do emprego de explosivos serán da súa exclusiva responsabilidade. En todo caso será absolutamente imprescindible que o Contratista dispoña de persoal debidamente autorizado e competente adscrito á obra para o manexo de explosivos, de acordo coa vixente normativa.

1.04 ENSAIOS.

A Dirección Técnica poderá esixir ó Contratista das obras que os materiais sexan ensaiados con arranxo ás instrucións de ensaio en vigor.

A Dirección Técnica poderá elixir persoalmente, ou por delegación, os materiais de ensaio, así como presenciar a súa preparación e ensaio.

Antes de verificar a Recepción, e sempre que sexa posible, se someterán tódalas obras a probas de resistencia, estabilidade e impermeabilidade, no seu caso, e procederase á toma de mostras para a realización de ensaios, todos eles con arranxo ó programa que redacte a Dirección Técnica da obra.

Todas estas probas e ensaios serán por conta do Contratista, entendéndose que non están verificadas totalmente ata que non dean resultados satisfactorios.

Os asentos ou avarías, accidentes ou danos que se produzan nestas probas e procedan da mala construción ou falta de precaución, serán corrixisos polo Contratista.

1.05 RESPONSABILIDADE DO CONTRATISTA.

O contratista será responsable, durante a execución das obras, de tódolos danos e perxucios, directos ou indirectos, que poidan ser ocasionados a calquera persoa, propiedade ou servizo, públicos ou privados, como consecuencia dos actos, omisións ou negligencias do persoal ó seu cargo, ou a unha deficiente organización dos traballos.

Os servizos públicos ou privados que resulten danados deberán ser reparados á súa costa de maneira inmediata.

As persoas que resulten prexudicadas deberán ser compensadas polo Contratista á súa costa de forma inmediata e adecuadamente.

As propiedades públicas ou privadas que resulten danadas deberán ser reparadas á súa costa, restablecéndose as súas condicións primitivas ou compensando os danos ou perxucios causados, de calquera forma aceptable.



PREGO DE CONDICIÓNIS:

PAVIMENTACIÓN E DOTACIÓN DE SERVIZOS EN CAMIÑO CAMIÑO TARRÍO. POIO.

Igualmente, o Contratista será responsable de tódolos obxectos que se encontren o descubran durante a execución das obras, debendo dar conta inmediata dos achazgos á Dirección Técnica e colocalos baixo a súa custodia.

Adoptará as medidas necesarias para evitar a contaminación da auga e depósitos por efecto dos combustibles, aceites, ligantes ou calquera outro material que poida ser prexudicial.

1.06 SUBCONTRATOS.

Sen prexuízo do establecido no Prego de Cláusulas Económico-Administrativas, e sempre que non lle contraveña, ningunha parte das obras poderá ser subcontratada sen consentimento previo da Dirección Técnica.

As solicitudes para ceder calquera parte do Contrato deberán formularse por escrito, con suficiente antelación, aportando os datos necesarios sobre este subcontrato, así como a Empresa ou entidade que pretende realizalo. A aceptación do subcontrato non relevará ó Contratista da súa responsabilidade contractual.

1.07 GASTOS DE CARÁCTER XERAL A CARGO DO CONTRATISTA.

Aparte dos gastos que se derivan das obrigas xerais do Contratista e os que se sinalan neste Prego de Condicións Facultativas, son tamén da súa incumbencia os que seguidamente se relacionan.

Os gastos que orixine o Replanteo Xeral das obras ou a súa comprobación; os replanteos parciais das mesmas; os de aluguer ou adquisición de terreos para depósito de maquinaria e materiais; os de protección de acopios e da propia obra contra todo deterioro, dano ou incendio, cumprindo os requisitos vixentes para o almacenamento de explosivos e carburantes; os de limpeza e evacuación de desperdicios e basura; os de construción e conservación durante o prazo de utilización de rampas provisionais de acceso a tramos parciais ou totalmente terminados; os de conservación de desagües; os de suministro, colocación e conservación de sinais de obra e demais recursos necesarios para proporcionar materiais e limpeza en xeral da obra á súa terminación; os de montaxe, conservación e retirada de instalacións para o suministro de auga e enerxía eléctrica necesarias para as obras, así como a adquisición da auga e enerxía eléctrica necesarias para as obras; os de demolición das instalacións provisionais; os de retirada de materiais rexeitados e corrección das deficiencias observadas ou postas de manifesto polos correspondentes ensaios e probas.

En caso de resolución do contrato, calquera que sexa a causa que a motive, serán de conta do Contratista os gastos orixinados pola Liquidación, así como os de retirada dos medios auxiliares empregados ou non na execución das obras.

1.08 LIMPEZA FINAL DAS OBRAS.

Unha vez que as obras teñan rematado, tódalas instalacións construídas con carácter temporal para o servizo das mesmas deberán ser retiradas.

Todo isto executarase de forma que as zonas afectadas queden completamente limpas e en condicións estéticas a xuízo da Dirección Técnica.

Todos estes traballos consideranse incluídos no Contrato e, por tanto, non serán obxecto de abonos directos para a súa realización.

1.09 CONSERVACIÓN DAS OBRAS.

O Contratista queda obrigado a conservar á súa conta tódalas obras incluídas na licitación xunto con aquelas outras executadas como ampliacións ou aumentos debidamente autorizados ata que sexan recibidas.

Asemade queda obrigado á conservación de tódalas obras citadas no párrafo anterior durante o prazo de garantía establecido con carácter xeral para obras da administración dun (1) ano, contado a partir da data de recepción, debendo reparar ou substituír á súa costa, calquera parte delas que teñan experimentado desprazamento ou sofrido deterioro por calquera causa que non poida ser considerada como inevitable.

1.10 RECEPCIÓN DAS OBRAS.

Unha vez terminadas as obras procederase ó seu recoñecemento, realizándose as probas e ensaios establecidos.

Do resultado de dito recoñecemento e das probas e ensaios efectuados, levantarase un Acta de Recepción.

Se os resultados non foran satisfactorios e non procedese a recepción das obras, concederase ó Contratista un prazo breve, que estimará a Dirección Técnica en función da importancia das correccións. Transcurrido dito prazo deberá realizarse un novo recoñecemento e efectuaranse as probas e ensaios que a Dirección Técnica estime necesarios para levar a cabo a recepción.

Se transcurrido o prazo concedido para corrixir deficiencias non se tiveran subsanado os defectos, darase por rescindido o contrato, con perda da fianza depositada polo Contratista, sen prexuízo das restantes consecuencias de tipo legal.



PREGO DE CONDICIÓN:

PAVIMENTACIÓN E DOTACIÓN DE SERVIZOS EN CAMIÑO CAMIÑO TARRÍO. POIO.

1.11 PRAZO de GARANTÍA das OBRAS.

O prazo de garantía das obras será de DOCE (12) MESES, contados a partir da data da recepción das obras.



PREGO DE CONDICIÓN:

PAVIMENTACIÓN E DOTACIÓN DE SERVIZOS EN CAMIÑO CAMIÑO TARRÍO. POIO.

2. DESCRIPCIÓN DAS OBRAS OBXECTO DO PRESENTE PREGO.

2.01 DESCRIPCIÓN XERAL.

O presente proxecto ten por obxecto a determinación das obras necesarias para levar a cabo a instalación dos seguintes servizos coas respectivas acometidas:

colector de augas pluviais e reixas transversais de captación

Así mesmos defínense os traballos de pavimentación, con pavimento de taco en pedra do país no largo do camiño, sobre base de formigón. As obras a realizar consisten en:

Demolicións

Demolição e levantamento do pavimento existente, de aglomerado e formigón, con carga de material e transporte do mesmo a vertedeiro autorizado.

Obras de fábrica

Para as conexións domiciliarias dos diferentes servizos está prevista a construción de arquetas de acometida. Así mesmo, a rede de pluviais ten prevista a construción de sumidoiros transversalmente ao camiño, de 30 cm de largo e 40 cm de profundidade de fábrica de ladrillo, con reixa de fundición e a lonxitude do largo do camiño, é dicir, 4,00 metros.

Pavimentación

A subbase da pavimentación consiste na colocación de 20 cm de saburra artificial, e posteriormente na formación dunha base de formigón de 10 cm de espesor. A continuación procederase á colocación do pavimento tipo taco de pedra do país de 10 cm x 10 cm x 10 cm, sentado con morteiro de cemento e rexuntado adecuadamente.

2.02 POZOS, ARQUETAS e SUMIDOIROS.

Pozos de rexistro:

Os pozos de rexistro se realizarán con pezas prefabricadas de formigón sendo de 800 mm. de diámetro interior, para alturas de pozo inferiores a 1,50 m e de 1.000 mm de diámetro interior en alturas superiores a 1,50 m ou destinados á rede de abastecemento estando formados por:

- Soleira inferior de formigón tipo HM – 20 / P / 40 / I, de 15 cm. de espesor.
- Aneis de formigón en masa prefabricados de borde machihembrado de 800 mm de diámetro.
- Cono asimétrico 600 / 800 mm para formación de brocal do pozo, de 500 mm. de altura.
- Soleira superior de idénticas características que a inferior, aloxando marco e tapa de fundición.
- Tapa e cerco de fundición abisagrada, dispoño de cerre, tipo Concello de Poio, sendo para tránsito de 40 Tm. en zona de calzada e de 25 Tm. en zona de beirarrúas.

Realizándose ó remate do traballo: con selado de xuntas con morteiro de cemento, recibido de pates e de cerco de tapa, recheo, macizado e compactado da zona perimetral exterior, incluíndo a unidade: excavación, carga, transporte de sobrantas a vertedeiro e medios auxiliares necesarios.

Sumidoiros:

Os sumidoiros realizaranse de 400 x 600 x 600 mm. de medidas interiores, con ladrillo semimacizo asentado con morteiro de cemento dosificado 1:6 en volumen (M - 40).

- Soleira inferior de formigón en masa HM – 20 / P / 40 / I e 12 cm de espesor
- Rexiña de fundición de 600 x 400 mm, tipo Concello de Poio.
- Soleira superior de idénticas características que a inferior, aloxando marco e rexíña.

Realizándose ó remate do traballo: con conexión de conducións, selado de xuntas con morteiro de cemento, recibido de rexíña, recheo, macizado e compactado da zona perimetral exterior, incluíndo a unidade: excavación, carga, transporte de sobrantas a vertedeiro e medios auxiliares necesarios.



PREGO DE CONDICIÓNIS:

PAVIMENTACIÓN E DOTACIÓN DE SERVIZOS EN CAMIÑO CAMIÑO TARRÍO. POIO.

2.03 PAVIMENTACIÓN.

Prevense partidas de colocación de bordillos de pedra natural para confinar o resto do pavimento e colocación de lastros de pedra natural do país sobre base de formigón.

Pavimento de lastros

No pavimento das calzadas utilizarase os lastros retirados das mesmas rúas, revisando o seu estado e rexeitando os que estean en malas condicións. Cortarase a metade se estes son de 20 cm de altura e colocaranse sobre morteiro da seguinte maneira:

- Preparación e comprobación da superficie de asiento
- Colocación da base de mortero seco
- Humectación e colocación dos lastros
- Compactación da superficie
- Humectación da superficie

Bordillos de pedra

Os bordillos de pedra pode ser natural, de granito, cuarcita, pizarra ou pedra de gra e terá acabado mate ou brillante, apomazado, abuxardado, a corte de serra..

A execución da unidade de obra inclúe as seguintes operacións

- Preparación e comprobación da superficie de asentamento
- Colocación do formigón da base
- Colocación de las pezas do bordillo rexuntadas con morteiro

Pavimentos de pedra natural

Os pavimentos de pedra natural axustaranse en canto as características do material aos contidos da norma UNE-EN 1341: 2002, en canto aos requisitos e métodos de ensaio.

As características de cor e dimensións serán a determinar pola Dirección Facultativa.

A colocación farase sobre morteiro, seguindo as operacións de:

- Preparación e comprobación da superficie de asentamento
- Colocación da base de morteiro
- Humectación e colocación das pezas
- Humectación da superficie
- Recheo das xuntas con leitada de cemento
- Limpeza do exceso de lechada
- Protección do morteiro da base e curado

O pavimento non presentará pezas rotas, desportilladas, manchadas, ni outros defectos superficiais

Condições xerais:

O pavimento formará unha superficie plana, uniforme e axustarase ás alienacións e as rasantes previstas.

As pezas quedarán ben asentadas, coa cara máis pulida ou máis ancha arriba.

As pezas estarán dispostas formando delineacións rectas, segundo o despece definido na DF.

As pezas deben quedar ben adheridas ao soporte.

As xuntas quedarán cheas de material de recheo.

Excepto nas zonas clasificadas de uso restrinxido por o CTE non se admitirán as seguintes discontinuidades en el propio pavimento ni en los encontros deste con outros elementos:

- Imperfeccións ou irregularidades que supoñan una diferencia de nivel de máis de 6 mm
- Los desniveles que no excedan de 50 mm se resolverán con una pendiente que no exceda el 25%

Pendiente transversal (pavimentos exteriores): $\geq 2\%$, $\leq 8\%$



PREGO DE CONDICIÓN:

PAVIMENTACIÓN E DOTACIÓN DE SERVIZOS EN CAMIÑO CAMIÑO TARRÍO. POIO.

3 CONDICIÓN da EXECUCIÓN das OBRAS.

3.01 DIRECCIÓN das OBRAS.

A Dirección Técnica das obras resolverá calquera cuestión que xurda no referente á calidade dos materiais empregados, execución das distintas unidades de obra contratadas, interpretación de Planos e especificacións i, en xeral, tódolos problemas que se formulen durante a execución da obra.

3.02 DISCREPANCIAS.

No caso de que xurda algunha discrepancia entre este Prego de Condicións e calquera outro Documento do Proxecto prevalecerá o especificado no Prego.

En calquera discrepancia entre o exposto nos Planos e o exposto no Presupuesto, prevalecerán aqueles sobre este.

3.03 PLANOS DE DETALLE.

A petición da Dirección Técnica das obras, o Contratista preparará tódolos planos de detalle que se estimen necesarios para a execución das obras contratadas. Ditos planos someteranse á aprobación da citada Dirección Técnica, acompañados, se fose necesario, das Memorias e Anexos Xustificativos que se requiran.

3.04 REPLANTEO.

A Dirección Técnica das obras comprobará o replanteo xeral das mesmas e o das súas distintas partes, marcando o emprazamento definitivo de bordilos e exes de zanzas, deixándolos sinalados sobre o terreo con estacas, onde sexa posible, os puntos de referencia ben definidos próximos ó eixe do trazado e que sirvan para fixar en todo momento durante a execución das obras, as alineacións e rasantes das mesmas.

Do mesmo xeito, sinalaranse os principais puntos de paso e os cambios de rasante e de sección das canalizacións, ubicación dos pozos de rexistro, sumidoiros, arquetas, bocas de rego, etc. o replanteo se efectuará conxuntamente Dirección de Obra Contratista, extendéndose a correspondente Acta de Replanteo por duplicado, que será suscrita por ambas partes, facendo constar tódalas variacións que ofrezca o terreo con respecto ós datos que figuran no Proxecto, así como as variacións que se deban introducir a consecuencia da capacidade portante do mesmo, na intelixencia de que serán nulas as reclamacións que, fundadas en variacións desta índole, poida facer o Contratista, se non se comprobaban no Replanteo e non se fan constar na citada Acta.

Un dos exemplares do Acta de Replanteo quedará en poder da Dirección Técnica das Obras que será incorporada ó expediente administrativo e outro se entregará ó Contratista.

Tódolos gastos que se orixinen ó practicar o replanteo a que se refire este artigo, serán de conta do Contratista, o cal tendrá, asemade, a obriga de custodiar as estacas e restantes marcas de replanteo e repoñer as que desaparezan.

3.05 PLAN DE OBRA.

O Contratista está obrigado a presentar, no prazo de quince (15) días hábiles a partir da data de comprobación do replanteo, un Plan de Execución á Dirección Técnica das obras.

Dito Plan de Obra incluírá un programa de traballos, con especificación dos prazos parciais e datas de terminación das distintas unidades de obra, compatible co prazo total de execución.

No Plan deben figurar os servizos, equipos e maquinaria que se utilizará na execución das distintas unidades de obra e as súas fórmulas de execución; a protección e regulación do tráfico; as instalacións e previsión de subministro; os certificados de garantía ou ensaios de materiais e as súas características.

O Contratista proporcionará as mostras de materiais necesarios para executar, á súa costa, os ensaios que prescriba a Dirección Técnica das obras, non podendo comezar a explotación de fontes de subministro nin a utilización de materiais, sen que a documentación e propostas descritas teñan sido previamente aprobadas.

O Contratista designará, no Plan de Obra proposto, a persoa ou persoas que o representarán a pé de obra, cos títulos, nome e atribucións respectivas.

3.06 ESCAVACION EN GÁBEAS e POZOS.

Consistirá no conxunto de operacións necesarias para abrir gábeas e pozos. A súa execución inclúe as operacións de escavación, nivelación e evacuación do terreo, e o conseguinte transporte dos produtos removidos a vertedeiro ou, no seu caso, a depósito para seu posterior emprego.

O Contratista notificará á Dirección Técnica das obras, coa antelación suficiente, o comezo de calquera escavación, a fin de que esta poida efectuar as medicións necesarias sobre o terreo inalterado.

O terreo natural adxacente ó da escavación non se modificará ni removerá sen autorización da Dirección Técnica das obras.



PREGO DE CONDICIÓNIS:

PAVIMENTACIÓN E DOTACIÓN DE SERVIZOS EN CAMIÑO CAMIÑO TARRÍO. POIO.

Unha vez efectuado o replanteo das zanzas ou pozos, a Dirección Técnica das obras autorizará a iniciación das obras de excavación. A excavación continuarase ata chegar á profundidade sinalada nos Planos e obterse unha superficie firme e limpa, a nivel escalonada, según se orde. Sen embargo, a Dirección Técnica das obras poderá modificar tal profundidade se, á vista das condicións do terreo, o estima necesario a fin de asegurar unha cimentación satisfactoria.

En todo o referente a entibación, drenaxe, limpeza do fondo da excavación, tolerancias da superficie acabada, etc., estará vixente o disposto no Artigo 321 do Prego de Prescricións Técnicas Xerais para as Obras de Estradas e Pontes.

3.07 RECHEO DE GÁBEAS e POZOS.

Para a execución de esta unidade será de aplicación o Artigo 332 "Recheos localizados" do Prego de Prescricións Técnicas Xerais para Obras de Estradas e Pontes vixente.

Se utilizarán os mesmos materiais que nas zonas correspondentes dos terrapléns e os equipos de extendido, humectación e compactación, serán os apropiados para garantir a execución da obra de acordo coas esixencias do citado Artigo e sen que resulten afectadas as conducións sobre as que se efectúe o recheo.

O grado de compactación alcanzada en cada tongada dependerá da ubicación da mesma, e en ningún caso será inferior ó maior do que posúan os solos contiguos ó mesmo nivel.

3.08 FORMIGÓNIS.

A fabricación e posta en obra dos formigóns atenderá ó disposto na Instrución de Formigón Estructural EHE-2008 e as ordes da Dirección Técnica das obras.

O formigón dosificarase según o condicionado establecido no art 68 da EHE. Deberase medir o cemento en peso e os áridos en peso o volumen, de forma que se obteñan as resistencias mínimas indicadas.

A relación de árido fino co árido groso será de dous (2) a tres (3).

O amasado realizarase en formigoneira ou central, con suficiente capacidade para que en cada amasada se empregue un saco de cemento, de eixe horizontal e tambor fixo, vertendo os materiais no seguinte orde:

- unha parte de auga
- Cemento e area simultaneamente
- a grava
- o resto do auga

O transporte e verquido do formigón farase de xeito que non se disgreguen os seus elementos. Cando o formigón se verta dende altura superior a dous (2) metros deberanse adoptar as oportunas precaucións para evitar a disgregación da mistura.

A consolidación dos formigóns colocados na obra executarase con igual ou maior intensidade que a empregada na fabricación das probetas de ensaio.

Esta operación debe continuarse especialmente xunto a os paramentos do encofrado, ata eliminar as posibles coqueras e conseguir que refluxa a pasta da superficie.

O espesor das masas será o adecuado para acadar que a compactación se extenda, sen disgregación da mistura, a todo o interior da masa.

Empregaranse vibradores de agulla, que se sumerxirán profundamente na masa ata chegar á capa subxacente, e se retirarán despois lentamente. A distancia entre os diversos puntos de inmersión deberá ser tal que a superficie da masa quede brillante.

Cuidarase de dispor as xuntas creadas polas interrupcións do formigonado o máis normalmente posible á dirección da mínima compresión, e onde o seu efecto sexa menos perxudicial.

Ó reanudarse o traballo limpiarase a xunta de toda suciedade, leitada ou árido que quedara solto e humedecerase a superficie, evitando que se acumule auga antes de verter o novo formigón.

Durante o primeiro período de endurecemento deberase manter a humidade do formigón e evitar tódalas causas externas tales como sobrecargas ou vibracións que poidan provocar a fisuración.

Unha vez endurecido o formigón, manteranse húmedas as súas superficies durante un mínimo de sete (7) días.

Como norma xeral suspenderase o formigonado sempre que se prevea que dentro das corenta e oito (48) horas seguintes poida decer a temperatura mínima do ambiente por debaixo dos cero (0) grados centígrados.

Naqueles casos nos que, por absoluta necesidade, se formigone a temperaturas inferiores ás anteriormente sinaladas, adoptaranse as medidas necesarias para que o fraguado se realice sen dificultade; pero se non se poden garantir esas temperaturas mínimas, realizaranse os ensaios necesarios para comprobar as resistencias alcanzadas, adoptándose no seu caso as medidas oportunas.



PREGO DE CONDICIÓN:

PAVIMENTACIÓN E DOTACIÓN DE SERVIZOS EN CAMIÑO CAMIÑO TARRÍO. POIO.

Comprobarase diariamente a calidade do formigón executado en obra, moldeándose con él un mínimo de tres (3) probetas diarias durante o período de formigonado, que se romperán unha ós sete (7) días e as outras ós vinte e oito (28) días.

3.08.1 Xuntas de construción

En toda interrupción de formigonado será de aplicación o art 71 da Instrucción EHE.

A execución de xuntas de formigonado, non indicadas nos planos, deberá ser autorizada pola Dirección Técnica das obras.

A secuencia de formigonado tenderá a evitar a aparición de fisuras por retracción.

Cando sexa necesario formigonar xunto a formigón xa fraguado con idade superior a trinta (30) días, o nos casos especiais que indique a Dirección Técnica das obras, tratarase a xunta cunha capa de resina tipo epoxi ou ben deixárase no formigón primario a oportuna armadura de espera.

3.08.2 Xuntas de dilatación.

Non se admitirán máis xuntas de dilatación que as definidas nos Planos do Proxecto.

Os materiais para o recheo de xuntas será de poliestireno expandido ou calquera outro autorizado ós efectos.

3.08.3 Posta en obra do formigón

A clase e resistencia do formigón e o cemento a utilizar en cada unha das unidades de obra, serán as indicadas nos Planos do Proxecto, os establecidos neste Prego o os aprobados pola Dirección Técnica das obras.

A posta en obra do formigón realizarase conforme ás condicións establecidas no art. 70 da EHE e ás indicadas no presente Prego.

O tamaño máximo do árido cumprirá co establecido no art. 69.2.4.2 da EHE.

En xeral, non se deixará transcorrer máis dunha hora entre a fabricación do formigón e a súa posta en obra e compactación. Non se colocarán en obra amasadas que acusen principio de fraguado, desecación, disgregación ou contaminación con materias estranas.

A non ser que se adopte a protección adecuada e se obteña a autorización da Dirección Técnica das obras, prohíbese o formigonado en tempo chuvioso. Non se permitirá o incremento no contido de auga por efecto do auga de choiva, nin que ésta dane as superficies terminadas.

O formigón que incumpla os requisitos deste Prego será retirado e reemplazado polo Contratista, sendo o sobrecoste a cargo deste.

Tódalas superficies a formigonar deberán estar exentas de auga e materiais desprendidos.

Os dispositivos de verquido evitarán a disgregación e desecación das misturas, suprimindo as vibracións, sacudidas repetidas e caída libre de máis de un e medio (1,5) metros de altura. Queda suprimido tamén o paleo e o avance por vibración ó longo dos encofrados para distancias superiores a dous (2) metros.

A compactación do formigón farase por vibración.

A colocación do formigón será unha operación continua sen interrupcións tales que den lugar a perdas de plasticidade entre tongadas contiguas.

3.08.4 Formigonado en tempo frío.

Estarase ó disposto no art. 72 da EHE.

Considerase tempo frío e por tanto preceptivo ó presente apartado, cando a temperatura ambiente estea por debaixo de + 4° C.

A título indicativo cabe sinalar que o feito de que a temperatura rexistrada ás 9 h. da mañá (hora solar) sexa inferior a + 4° C, pode interpretarse como se non que a temperatura baixará probablemente a 0° C. dentro das 48 h. seguintes.

Os límites indicados anteriormente poderán rebaixarse 1° C. cando se trate de elementos de sección superior a 2 m² e altura superior a 1 m., coas superficies de formigón protexidas adecuadamente.

A temperatura da masa de formigón no momento de verter no molde o encofrado non será inferior a 5° C.

Se co obxecto de aumentar a temperatura do formigón no punto de verquido, quéntase a auga por encima de corenta (40) grados centígrados, evitarase o contacto directo co cemento ata que a temperatura sexa inferior a este valor.

Deberá contarse no tallo con termómetros de ambiente e termómetros para medir as temperaturas do formigón verquido.

Durante o fraguado protexerase o formigón, mantendo as temperaturas de verquido autorizadas durante un período mínimo de vinte e catro horas.

Durante o tempo frío deberá terse en conta o efecto do illamento producido polos encofrados cando éstos son de madeira.



PREGO DE CONDICIÓN:

PAVIMENTACIÓN E DOTACIÓN DE SERVIZOS EN CAMIÑO CAMIÑO TARRÍO. POIO.

3.08.5 Formigonado en tempo caluroso.

Estarase ó disposto no art. 73 da EHE.

Considerase tempo caluroso cando a temperatura ambiente é superior a 40° C ou existe un vento excesivo.

3.8.6 Curado do formigón.

Estarase ó disposto no art. 74 da EHE.

3.08.7 Descimbrado, desencofrado e desmolde.

Estará ó disposto no art. 75 da EHE.

A densidade que se alcance na compactación non será inferior ó 105 % da máxima obtenida no ensaio Próctor normal.

3.09 COLOCACION DE TUBERIAS PARA SANEAMENTO.

3.9.1 Tuberías de P.V.C.

A tubería deberá descansar sobre un leito de area ou calquera material estable de granulometría fina, a excepción de arcilla, caliza dura ou elementos inestables coa humidade ou a temperatura. Este leito de area ou similar compactarase debidamente e tendrá un espesor mínimo de 10 centímetros.

O prescrito no parágrafo anterior tendrá validez salvo que nos Planos non se determine outra cosa respecto á protección das tuberías de PVC.

Unha vez colocados os tubos engadirase o mesmo material empregado como leito ó redor dos mesmos, compactando ata unha altura mínima de dez (10) centímetros por encima da xeratriz superior. O recheo da zanja deberá efectuarse de forma equilibrada compactando ambos lados de forma que a presión sobre o tubo quede o máis igualada posible.

Ata unha altura de trinta (30) centímetros sobre a xeratriz superior empregarase un recheo seleccionado, exento de elementos grosos (áridos maiores de 8 cm), compactando en tongadas de dez (10) centímetros de espesor, a partir do cal completarse o recheo da zanja, que se compactará mecánicamente ata alcanzar a densidade que indique a Dirección Técnica da obra.

As unións efectuaranse sempre mediante xunta elástica, precisándose autorización da Dirección Técnica da obra para efectualas mediante encolados.

3.10 OBRAS DE FABRICA.

As obras de fábrica da rede de pluviais (pozos de rexistro e resalto, canaletas, sumidoiros), se construírán coas dimensións e características sinalados e os Planos ou descritas nos Cuadros de Precios do Proxecto.

En tódolos casos se disporán de tal forma que no sexa necesaria su demolición para a substitución de accesorios o efectuar reparacións nos elementos que contien.

3.11 COLOCACION do BORDILLO.

As pezas de bordillo asentarase sobre un leito de formigón, cuxa forma, dimensións e resistencia especificanse nos Planos.

As pezas que forman o bordillo colocaranse deixando un espacio entre elas de cinco (5) milímetros. Este espacio encherase con morteiro de cemento e area de dosificación 1:3.

A altura do bordillo debe ser como mínimo de 15 cm por debaixo dos adoquíns e colocarse antes da posta en servizo do pavimento.

3.12 COLOCACION dos PAVIMENTOS DE PEDRA.

A base de colocación dos pavimentos componse de soleira de formigón HM-20 de espesor 10 cm e un morteiro sobre o que se asentan as mesmas.

O morteiro formará unha superficie continúa de asento e as lousas o lastros quedarán coas súas caras perfectamente enrasadas e coa rasante fixada.

O morteiro tendrá unha relación c / a de 1:4 en volumen e a cantidade de auga será tal que a consistencia sexa plástica e unha vez colocada esta no sobrenade na superficie.

As xuntas deben estar perfectamente alineadas en todas direccións e o pavimento non se abrirá ó tránsito ata pasados quince (15) días contados a partir da data da súa terminación.

O Contratista deberá corrixir a posición das lousas ou lastros que puideran refundirse ou levantarse.



PREGO DE CONDICIÓN:

PAVIMENTACIÓN E DOTACIÓN DE SERVIZOS EN CAMIÑO CAMIÑO TARRÍO. POIO.

4. MEDICIÓN e ABONO das OBRAS.

5.01 XERALIDADES.

Son gastos xerais a cargo do Contratista y, por tanto, se entende incluídos nos prezos das distintas unidades de obra, todos aqueles que se relacionan no Capítulo I de este Prego, así como os que se sinalan nas distintas partes do mesmo, e os que se derivan das obrigas xerais do Contratista.

5.02 EXCAVACIÓNS e RECHEO DE ZANXAS.

En o caso das excavacións en zanja para o establecemento de canalizacións subterráneas, su abono se realizará de acordo coas cubricións por metros cúbicos (M/3) resultantes da sección media do perfil lonxitudinal da excavación realizada pola sección tipo definida nos documentos do proxecto a os prezos que figuren no Cuadro de Precios Nº 1.

O contratista vendrá obrigado notificar diariamente para su comprobación pola Dirección de Obras a aparición de roca nos trabalos de excavación ó obxecto da determinación concreta de su alcance, realizándose as oportunas anotacións no Libro de Ordes.

A omisión por parte do contratista da indicada notificación e determinación supondrá su estimación como excavación realizada en terreo de condicións normais.

O recheo das mesmas cos materiais definidos nos planos, se abonará por metros cúbicos (M/3) realmente empregados.

5.03 FORMIGÓNS.

Os formigóns se medirán por metros cúbicos (M/3) realmente executados e se abonarán a os distintos prezos que figuren no Cuadro de Precios Nº 1, según sus características calidade, excepto o utilizado como base para a baldosa, que se medirá en metros cadrados (M/2) realmente executados e se abonará según o prezo incluído en dito cuadro.

En ditos prezos se inclúen os encofrados, salvo nos muros, así como a maquinaria e tódolos medios auxiliares precisos para su fabricación e posta en obra, de maneira especial os equipos necesarios para o vibrado do formigón.

5.04 ACEIRO PARA ARMADURAS.

O aceiro para armaduras se medirá por kilogramos (KG) realmente colocados en obra e se abonará ó prezo correspondente do Cuadro de Precios Nº 1.

En éste se inclúen os materiais, alambre de atado e medios auxiliares precisos para su correcta colocación en obra de acordo cos Planos.

5.05 PAVIMENTACIÓN.

A base para soleiras realizadas cos espesores determinados no Proxecto, extendidas e compactadas se medirán por metros cadrados (m2) e se abonará a os prezos correspondentes do Cadro de Prezos Nº 1.

Os adoquines se medirán por metros cadrados (M/2) realmente colocados e se abonarán a os prezos correspondente do Cuadro de Precios Nº 1.

O pavimento de caucho reciclado se medirá por metros cadrados (M/2) realmente colocados e se abonarán a os prezos correspondente do Cuadro de Precios Nº 1.

5.06 POZOS, ARQUETAS e SUMIDOIROS.

Os pozos, arquetas e sumidoiros e medirán por unidades (UNDS) realmente executadas de acordo a planos e se abonarán a os prezos que se especifican no Cuadro de Precios Nº 1

5.07 BORDILLOS.

Se medirán por metros lineales (ML) realmente executados, e se abonarán cos prezos indicados no Cuadro de Precios Nº 1.

5.08 PAVIMENTO DE PEDRA

Os solados de baldosa se medirá por metros cadrados (m2) realmente executados e se abonará a os prezos correspondentes do Cadro de Prezos Nº 1.

5.09 DIVERSAS OBRAS DE FÁBRICA.

Os pozos de conexión, pozos de resalto, arquetas, sumidoiros, etc., se abonarán por unidades (UNDS) completas e a os correspondentes prezos incluídos no Cuadro de Precios Nº 1.



PREGO DE CONDICIÓN:

PAVIMENTACIÓN E DOTACIÓN DE SERVIZOS EN CAMIÑO CAMIÑO TARRÍO. POIO.

5.15 MEDICIÓN e ABONO das UNIDADES NO ESPECIFICADAS neste PREGO.

Mensualmente se harán medicións e estimacións oportunas e se levantarán as correspondentes actas que firmarán a Dirección Técnica das obras e o Contratista.

En o precio de cada unidade se entenden comprendidos tódolos gastos necesarios de materiais, medios auxiliares e ayudas necesarias su completa execución con arranxo a condicións, aunque hayan sido enumeradas nas condicións técnicas e económicas da obra.

Poio, setembro de 2013

O Enxeñeiro Municipal

Fdo: José Luís Arias Rodríguez